

ASOCIACIÓN DE MULLERES “PEDRA VELLA”
CMÑO. DO PEDREGAL, 6
36.315- VIGO
TELF: +34 - (9)86 - 467053
FAX: +34 - (9)86 - 467052
Http:www.valladares.tv
E-mail: cvallada@ctv.es
CIF:G-36837433



OFERTA DE EMPREGO DOS POSTOS CREADOS AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2015

A Asociación de Mulleres “Pedra Vella” ofrece a posibilidade de optar a presentarse para cubrir os seguintes postos de traballo temporal, (entre o 1 de xuño e o 30 de setembro do 2015)

1º.- Monitor/a de actividades físicas e saudables, durante 21 horas semanais, durante o mes de xullo ou agosto

Titulación requirida: Ciclo Medio ou Superior en actividades físico – deportivas, ou experiencia equivalente acreditada. Valoraranse coñecementos sobre nutrición.

2º.- Historiador/a, durante 5 horas diarias de xuño a setembro

Titulación requirida: Licenciad@ en Historia

3º.- Traballador/a Social, durante 5 horas diarias de xuño a setembro

Titulación requirida: Diplomad@ en Traballo ou Educación Social

Criterios de escolma para todos por orde de preferencia:

1º.- Que teñan a titulación mínima requirida (primarase que dispoñan dun maior nivel de estudos académicos), ou acrediten maior experiencia.

2º.- Dominio da lingua galega oral e escrita.

3º.- As parellas que estean os dous en situación de desemprego e dentro destas o nº de fill@s a cargo, ou familias monoparentais con fillos a cargo.

4º.- Que sexan soci@s deste asociación ou do C.V.C. Valadares

5º.- Que teñan experiencia no desenvolvemento do posto na entidade con anterioridade.

6º.- Os residentes na parroquia de Valadares.

7.- Si estes filtros non deixan un único candidato por posto, será a entrevista persoal a que decida @ profesional que se contrate.

No caso de que @s candidatos non cumpran os requisitos, recurrirase a oficina de Emprego ou a outras vías para cubri-lo posto.

CONDICIÓN IMPRESCINDIBLES:

Non se admitirá como candidato a ningunha persoa que non resida no Concello de Vigo dende o 1 de xaneiro do 2014, que non cumpra coa titulación ou experiencia mínima requirida no posto, agás que ningún candidato dispoña dela, e que non estea en situación de desemprego.

A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A documentación entregarase en man, nas oficinas do Centro, en horario de 9,30 a 14,30 e de 16,30 a 21,30, nun sobre pechado coa denominación do posto ó que se opta, cunha fotocopia da tarxeta de desemprego e dun volante de residencia ou empadramento, cunha fotocopia do título que o habilita para optar o posto e/ou Curriculum Vitae e os contratos laborais ou acreditacións oficiais que proben a experiencia no posto. Igualmente aportarán copia dos outros requisitos baremables.

As familias nas que a parella estean os 2 desempregados ou as familias monoparentais adicionalmente presentarán unha fotocopia do libro de familia na que figuren eles e @s fill@s e outra das respectivas tarxetas de desemprego.

Prazo límite de entrega da solicitude : 29 de maio ás 21,00 horas.

Data da escolma: 30 de maio do 2015

So se avisará ó candidato escolmado

SUBVENCIONA

A XUNTA DIRECTIVA

**CONCELLO
DE VIGO**



